

Un rural con comunidade e coa vida no centro

Hoxe que estamos a celebrar o San Cidre é bo momento para reflexionarmos sobre o rural e para lembrar un tempo relativamente próximo no que o cultivo dos nosos alimentos, os coidados das persoas, as veciñas e os veciños, e os traballos agrícolas eran considerados temas fundamentais. Dicía Manuel María, un chairego universal, que febreiro era o momento da esfenda e da demouca, marzo raioleiro o tempo de labrar as patacas, en abril o millo, o San Xoán era o tempo de coller a nabiña, en agosto a malla e a gadaña, que “quere pouca forza e moita mañá”, o San Miguel tempo de mirar se os trobos teñen mel, San Froilán referencia para outonar o pan ou San Martiño mes de mirar polo porco, polo capón e polos canos para regar os prados.

Nas zonas rurais de toda a diócese moitas persoas dedicábanse as tarefas agrícolas e gandeiras precisas para garantir os alimentos para os seus fogares e para obter produtos agrarios e gandeiros para a venda, que eran e son o medio de vida de moitas familias. A paisaxe tinguíase de diferentes tonalidades conforme ían pasando os meses e medraban os cultivos, e, no medio da dureza da vida e dos quefaceres, abríanse paso numerosas formas de cooperar comunitariamente e mesmo a rexouba nas diferentes aldeas, que estaban cheas de xente moza. As persoas máis maiores transmitían as súas experiencias e os seus coñecementos ás xeracións máis novas, e as avoas e os avós envellecían nas súas vivendas rodeados da súa xente. Os alimentos, os coidados e a vida en comunidade eran cuestións centrais.

No medio rural estamos a vivir unha gran mudanza nos últimos anos, nos que moitas casas de labranza foron pechando as súas portas, as bisbarras perdendo xente, e o mato e os monocultivos como os eucaliptos avanzando sobre as fai ben pouco leiras de labor, co perigo que isto representa no caso de grandes incendios. Abondan as casas baleiras e as veciñanzas nas que moitas persoas maiores foron quedando soas. Nos últimos trinta anos pecharon o 90% das granxas de leite, e en cinco anos perdeuse o 15% do emprego agrícola.

As dificultades do sector agrario e gandeiro visualizáronse a comezos deste ano en numerosas mobilizacións, tanto no estado español como noutras rexións europeas. Nas protestas puidemos ver persoas agricultoras que denunciaban os baixos prezos, o incremento desproporcionado das esixencias burocráticas, medidas que dificultan moitas veces os pequenos proxectos, ou a sinatura de tratados comerciais como o de Mercosur, nos que se está a negociar a importación desleal de grandes cantidades de alimentos de terceiros países con esixencias máis baixas que a UE en materia laboral ou de emprego de fitosanitarios.

A agroindustria e grandes propietarios como o duque de Alba buscaron canalizar estas mobilizacións segundo os seus intereses, intentando eliminar restricións no uso de fitosanitarios, nas captacións de auga ou noutras normas ambientais ou sociais que afecten ás súas producións industriais. A ultradereita europea e española viu tamén unha gran posibilidade de instrumentalizar este descontento. En poucas horas organizaban a nivel estatal tractoradas a través de grupos de whatsapp, nos que se demonizaban as organizacións ecoloxistas, as medidas sociais, os sindicatos agrarios ou o Pacto Verde e a Axenda 2030, e que intentaban dar por boas unhas políticas neoliberais dirixidas a ter baixos prezos agrícolas en orixe para que as grandes corporacións obteñan o máximo beneficio, ou o feito de que o propio comisario europeo de Agricultura é o ultradereitista polaco Janusz Wojciechowski.

As políticas neoliberais europeas en realidade o que están a incentivar é a agroindustria e as grandes explotacións, poñendo trabas ás pequenas producións e deixando desprotexida á xente labrega fronte aos prezos baixos e aos abusos da distribución e da industria. No estado español temos unha Lei da Cadea Alimentaria, que en teoría debería impedir os prezos abusivos, pero que na práctica permite marxes de media dun 400% entre o prezo pagado en orixe e o cobrado ás persoas consumidoras. Non temos ferramentas legais para garantir alimentos saudables accesibles para a sociedade nin prezos xustos para as persoas produtoras de alimentos.

Este modelo globalizado de produción e de distribución de alimentos, que busca a obtención de gran cantidade de materias primas a baixo custo para a industria, a parte da perda de emprego, está a orixinar importantes problemas de saúde, de perda de biodiversidade, de contaminación da auga ou de erosión do solo.

Neste mes de abril, por exemplo, a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria publicaba un informe no que indicaba que, de 110.829 mostras de alimentos analizadas, o 48,6% contiñan un ou máis residuos de praguicidas. En canto á terra, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) alertaba a comezos de ano da aceleración do proceso de desertificación no estado español, con miles de quilómetros cadrados afectados, así como do feito de que en lugares con moita agricultura intensiva como Murcia e Almería en dez anos un tercio do solo volveuse árido. A contaminación da auga por nitratos, con unha relación directa con enfermidades graves como o cancro, xa un problema importante nalgúns lugares como Cataluña, Aragón ou a propia Limia (Ourense).

Equivocámonos se estamos de acordo con eliminar medidas que protexen a saúde, a auga, a biodiversidade ou a terra; ou en facilitar o avance das macrogranxas e dos grandes monocultivos industriais en detrimento da pequena e mediana agricultura. Precisamos mudar unhas políticas dirixidas ao expolio do medio rural, por outras que poñan a alimentación, a vida e os coidados no centro. Enfrontámonos a importantes retos como a emerxencia climática, a voracidade dos fondos de investimento e dos especuladores sobre bens básicos como os alimentos ou o noso territorio, ou un futuro próximo no que combustibles fósiles como o petróleo van ser máis escasos e máis caros, e vai ser máis difícil traer os alimentos de miles de quilómetros.

Só moitas pequenas e medianas unidades de produción agrícola e gandeira garantirán que as nosas comarcas sigan con veciñas e con veciños, e que teñamos alimentos saudables. Precisamos unha transición agroecolóxica e avanzarmos cara a nosa soberanía alimentaria como pobo.

Isalbe Vilalba,
Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego,
veciña de Vilanova de Lourenzá.